



DECRETO DA ALCALDÍA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DIRECTA

O concello de Vila de Cruces ten competencias entre outras en avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social e en conservación e rehabilitación da edificación segundo os arts. 25.2.a], e] e 26.1.c] da Lei 7/1985 RBRL, L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia e normativa de desenvolvemento.

Entre outras o art. 60.1 g) da L.13/2008 establece como competencias dos concellos “A participación, como entidade colaboradora, na xestión das prestacións económicas e, no seu caso, nas subvencións concedidas pola Xunta de Galicia, nos termos legalmente establecidos.”

O artigo 2 da ORDE do 11 de maio de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión das subvencións do Programa de infravivenda do Plan rehaVita: establece que estas subvencións están dirixidas a prestar apoio aos concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes para que poidan axudar con carácter urxente as unidades de convivencia que habiten, en condicións de propietarias, nunha vivenda que se encontre en mal estado de conservación e non dispoñan de recursos para acometer obras que permitan ter as mínimas condicións de habitabilidade.

De acordo co disposto no artigo 22.2 c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, é posible outorgar, con carácter excepcional, subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

En data 3 de outubro de 2017 emítese informe da traballadora social do Concello indicando que a vivenda da beneficiaria presenta moitas deficiencias de habitabilidade, entre elas, a falta de auga corrente e considerando procedente e necesario solicitar a subvención ao IGVS para mellorar as condicións de habitabilidade da vivenda propiedade de xxxxxxxx xxxxxxxx.

De acordo co disposto no artigo 22.2 c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, é posible outorgar, con carácter excepcional, subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

No caso que nos ocupa acredítase no expediente o mal estado da vivenda, tal e como se argumenta no informe emitido pola Técnico Medio de Urbanismo do Concello nº 134/2017 de data 18 de setembro de 2017. No citado informe destácase a vivenda non dispón de ningún tipo de suministro de auga potable existindo deficientes condicións de habitabilidade e salubridade.

Que as razóns de interese público que motivan a concesión da subvención en especie xustifícanse pola urxencia na necesidade de proceder á execución do pozo para o suministro da auga para á vivenda unifamiliar citada tratándose dunha acción de reparación de infravivenda para acometer unha actuación urxente e imprescindible, para os efectos de mellorar o estado da vivenda ocupada por persoas en risco de exclusión residencial o que motiva a non aplicación dos principios de publicidade e concurrencia para este caso, dificultando a súa convocatoria pública.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



En atención a todo o anterior procede a tramitación do expediente de concesión dunha subvención directa, en especie, ao amparo do art. 22.2 C) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LGS) e D.A. 5ª, do mesmo e no marco da ORDE do 11 de maio de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión das subvencións do Programa de infravivenda do Plan rehaVIta: Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, e se convocan para o ano 2017., a favor de xxxxxxxxxxxx xxxxxxxxxxxxxxxx, consistente na execución dun pozo de barrena e a colocación dunha bomba por el importe de 8.119,10 €.

Vista documentación que obra non expediente: solicitude de axuda, autorización das persoas propietarias do inmovible para que ou concello execute as obras de rehabilitación, así como compromiso de dedicar a vivenda a domicilio habitual e permanente da unidade de convivencia durante un prazo non inferior a tres anos, contado desde a finalización das obras, Memoria relativa á infravivenda obxecto das actuacións (Informe social, Informe da técnico municipal relativo á localización da infravivenda, das súas características e do seu estado de deterioración xunto cunha reportaxe fotográfica en cor da edificación ou vivenda e unha xustificación da necesidade e idoneidade das actuacións propostas, memoria da actuación proposta, do orzamento de execución material e do calendario de execución, informe da técnica municipal de que as actuacións propostas cumpren coa lexislación vixente, documentación que acredite a titularidade da vivenda), certificados do cumprimento de obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello e declaración sobre a non concurrencia de circunstancias, nin prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións.

Dada la existencia de crédito adecuada y suficiente na aplicación 231.78. (RC 007262)

Vista la resolución de concesión de la subvención do IGVS de 3/11/2017 e o informe de viabilidade favorable de Augas de Galicia (RE 3232 de 13/11/2017).

Visto o informe da Intervención de data 14/11/2017.

Facendo uso das atribucións da Alcaldía; que establece o artigo 21.1 f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 24.1 f) do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local e os artigos 41.17 e 41.18 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Reglamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

RESOLVO

PRIMEIRO. Solventar o reparo da Intervención.

SEGUNDO: Avocar a competencia, - previamente delegada na Xunta de Goberno Local-, para o caso específico que nos ocupa, de conformidade co artigo 10 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico das AA.PP.

TERCEIRO: Conceder unha subvención directa, en especie, a favor de xxxxxxxxxxxx xxxxxxxxxxxx con NIE xxxxxxxxxxxx, consistente na execución dun pozo de barrena e a colocación dunha bomba por el importe de 8.119,10 €, ao abeiro do art. 22.2 C) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e autorizar o gasto polo citado importe.

Concello de Vila de Cruces



A subvención se axustará ao réxime xurídico que se transcribe a continuación:

“PRIMERO. Beneficiario, objeto y duración de la subvención.

Xxxxxxxxxx xxxxxxxxxxxx NIE nº: xxxxxxxxxxxx ostentará a condición de beneficiaria aos efectos da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e demais normativa que resulte de aplicación.

O obxecto desta subvención é a execución dun pozo de barrena e a colocación dunha bomba polo importe máximo de 8.119,10 €.

La subvención se otorga para el ejercicio 2017. A obra deberá realizarse antes do 15 de novembro.

SEGUNDO. Obrigas do beneficiario.

O beneficiario deberá cumprir coas súas obrigas, sinaladas neste decreto, na ORDE do 11 de maio de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión das subvencións do Programa de infravivenda do Plan rehaVita: Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020 e en conxunto coas obrigas fixadas para os beneficiarios de subvencións na Lei 38/2003 e o seu Regulamento de desenvolvemento.

O beneficiario haberá de someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro.

TERCEIRO: Órgano competente para a súa aprobación: *Xunta de Gobierno Local, por delegación da Alcaldía.*

CUARTO: Requisitos das actuacións

1. Todas as actuacións que se realizarán deberanse axustar á normativa técnica e urbanística en vigor e deberán cumprir a normativa vixente en materia de habitabilidade e funcionalidade.

2. As actuacións subvencionables non poden estar iniciadas no momento da presentación da solicitude.

3. O prazo de execución das obras virá fixado na resolución de concesión da subvención, sen que en ningún caso poida exceder os seis meses. Prazo máximo: 15 de novembro de 2017. En caso de non poder ser executadas as obras por causas imputables ao beneficiario procederá a revogación da subvención sen dereito a indemnización.

QUINTO: Prazo e forma de xustificación:

Dado que se trata dunha subvención en especie a documentación xustificativa da subvención será obtida polo Concello. (factura, xustificante de pago)

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos, pode supoñer a modificación da resolución de concesión. Especialmente en canto a que a concorrencia de subvencións, axudas ou ingresos non superen o custo da actividade



En canto aos criterios de gradación dos posibles incumprimentos das condicións impostas para a concesión da subvención estarase ao disposto nos artigos 13 e 16 da Ordenanza reguladora das bases que rexen a concesión de axudas de emerxencia social (BOP nº 172, xoves 6 de setembro de 2012).

SEXTO: Compatibilidade

A axuda prevista é compatible con calquera outra das concedidas por outras administracións, tendo, en todo caso, carácter complementario a elas."

SÉTIMO: Porcentaxe da subvención respecto ao coste total da actividade.

Se financia o 100% da obra por importe de 8.119,10 euros. O 95% do coste (excluídos os gastos derivados de impostos, taxas e tributos supoñendo unha contía total de 6.374,5 euros) provén da subvención concedida polo IGVS (Resolución asinada en data 3 de novembro de 2017) e o 5% restante así como o importe do IVE con fondos propios do Concello de Vila de Cruces (1.744,60 euros).

OITAVO. Importe da subvención e crédito presupostario.

Importe máximo subvención en especie: 8.119,10 €.

A presente subvención se financiará con cargo á aplicación presupostaria 231.78.

NOVENO. Prazos e modo de pago.

O pago se realizará polo Concello directamente ao contratista unha vez executados os traballos e recibidos de conformidade.

DÉCIMO. Importe definitivo de la subvención.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser dunha cuantía que, illada ou en concurrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada (artigo 19.3 da LXS). Neste caso reducirase o importe provisionalmente concedido no exceso.

DÉCIMO PRIMEIRO. Reintegro e criterios de graduación dos posibles incumplimientos das condicións impostas para a concesión da subvención.

En caso de incumplimiento de calquera das obrigacións que, de acordo coa lei, poidan corresponder ao beneficiario e, en particular, nos supostos contemplados nos artigos 36 e 37 da Lei Xeral de Subvencións, procederá o reintegro de acordo co establecido na Lei 38/2003.

En virtude do artigo 3 do R.D. 887/2009 no caso de que se declare a procedencia do reintegro en relación cunha axuda en especie, considerarase como cantidade recibida a reintegrar, un importe equivalente ao prezo de adquisición do ben, dereito ou servizo. En todo caso, será exixible o interese de demora correspondente, de conformidade co disposto no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.



DÉCIMO SEGUNDO. Réxime supletorio.

En todo o non previsto nestes apartados estarase ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Vila de Cruces.

Tendo en conta a natureza e obxecto desta axuda de urxencia social a persoas sen recursos e en aplicación do previsto sobre o particular nos artigos 18.3.d) da Lei 38/2003, 30 do RD.887/2006 e 15.2.d) da Lei 9/2007, non será precisa a publicación da súa concesión, tendo en conta que a mesma estímase contraria ao respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, a intimidade persoal e á propia imaxe. Esta restrición aplícase tamén ao Portal de Transparencia do «Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións» (SNPS). Con todo, deberá facilitarse a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

CUARTO. Que se publique esta concesión na Base de Datos Nacional de Subvenciones.

QUINTO. Que se notifique esta resolución aos interesados.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

